

MODELO 1 - ACHEGA CORPORACIÓN LOCAL

D/Dª _____, secretario-interventor do Concello/Mancomunidade de _____

Que, en relación á Orde do _____ pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, artigo 8.

CERTIFICA:

Que a achega prevista por esta corporación ao mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria para o ano 2005 ascende a _____ €

E para que conste para os efectos de aboamento do anticipo do 35% da subvención concedida ao abeiro da dita orde, asina a presente certificación

_____, de _____ de _____

Vº e prace

O Alcalde/Presidente da Mancomunidade

MODELO 2 - DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

D/Dª _____, alcalde/presidente do Concello/Mancomunidade de _____

Que, en relación á Orde do _____ pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, artigo 8 e 14 para os servizos sociais de atención primaria.

DECLARA:

Que o conxunto de axudas, independentemente da feita ao abeiro da citada orde, son as seguintes

TIPO DE AXUDA ¹	IMPORTE	ORGANISMO AO QUE SE SOLICITA	SITUACIÓN DESTA ²
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

Así mesmo, declaro que non se solicitou nin concedeu nin están pendentes de resolución outras axudas das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

E para que conste, asino a presente declaración

_____, de _____ de _____

Sinatura

MODELO 3 - DATOS BANCARIOS



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

PROCEDIMENTO <i>AXUDAS NON PERIÓDICAS PARA CORPORACIÓNS LOCAIS (SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA)</i>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <i>AS622A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
---	---	--

DATOS DO/DA PERCEPTOR/A

NOME			DNI / CIF
ENDEREZO			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TIPO DE PERCEPTOR/A ☐

Relación receptor/a-administración		Sector institucional		Actividad económica	
------------------------------------	----------------------	----------------------	----------------------	---------------------	----------------------

[illegible]

MODELO 4 - CERTIFICADO DO GASTO REALIZADO

D/Dª _____, secretario-interventor do Concello/Mancomunidade de _____

Que, en relación á Orde do _____ pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, artigo 14º.

CERTIFICA:

Que para os servizos sociais de atención primaria realizáronse gastos polos importes e conceptos seguintes:

CONCEPTO ¹	PORCENTAXE DO GASTO EN RELACIÓN Á AXUDA CONCEDIDA ²
_____	_____
_____	_____
_____	_____
TOTAL	_____

E para que conste, asino a presente certificación

_____, ____ de _____ de _____

Visto e praxe
O Alcalde/Presidente da Mancomunidade

¹ Conceptos para: persoal, mantemento, axuda no fogar e xestión programas

² Sinállese 80% ou 100% segundo os casos

Orde do 4 de xaneiro de 2005 pola que se modifica a do 5 de xuño de 2003, que establece un programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

A Orde do 5 de xuño de 2003 pola que se establece un programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica establece nos artigos 1º.2 a) e 9º.3, a necesidade de que a contratación dos beneficiarios do programa no marco dos programas de cooperación se realice a través do contrato temporal de inserción, nos termos establecidos no artigo 15.1º d) do Estatuto dos traballadores (ET).

A entrada en vigor, o pasado día 23 de xullo de 2004, da Orde TAS/2435/2004, do 20 de xullo, supón excepción a utilización do contrato de inserción en determinados programas públicos de mellora da empregabilidade, entre os cales se atopan os programas de cooperación que xestiona a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Así mesmo, como consecuencia da implantación da orde de protección, que crea un título habilitante para acceder ás distintas medidas de asistencia social previstas para este colectivo, entre as que esta incluído este programa da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, recoñeceuse a devandita orde de protección como único medio necesario para acreditar a existencia dos malos tratos.

Como queira que estamos ante un programa especial polo colectivo a que vai dirixido, a experiencia acumulada desde a súa entrada en vigor aconsella necesario que, ademais da orde de protección como medio de acreditar a problemática social destas mulleres, se habilite calquera outra decisión xudicial que poida determinar, de ser o caso, a súa inclusión no programa. Así mesmo, co fin de lles poder ofrecer as medidas máis axeitadas a estas mulleres, a lóxica impón a solicitude do correspondente informe dos servizos sociais, por seren os que, ao atoparse máis preto destas mulleres, coñecen mellor a súa problemática social.

Á vista do anterior, resulta conveniente proceder á adaptación da normativa autonómica e, en concreto, a modificación da Orde do 5 de xuño de 2003, pola

que se establece un programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica, no sentido exposto.

Con base no exposto, informado o Comité Autonómico de Emprego, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, e en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo único.**

Modifícanse os artigos 1º.2 a), 2º, 3º, 4º.1, 9º e o anexo I da Orde do 5 de xuño de 2003, pola que se establece un programa de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica, que quedan redactados do seguinte xeito:

«Artigo 1º.2 a).

Para conseguir o antedito obxectivo gozarán de prioridade e outorgaráselles incentivos adicionais, de acordo co seguinte:

a) Preferencia no acceso aos programas:

-De mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional.

-Aos mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.

-Aos de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración.

Artigo 2º.-Beneficiarias: requisitos.

1. Poderán ser beneficiarias do programa as mulleres galegas vítimas de violencia doméstica que estean desempregadas.

2. As mulleres que desexen incorporarse ao programa deberán acreditar a súa problemática social a través da presentación de copia da orde de protección ditada por órgano xudicial competente, ao abeiro do disposto na Lei 27/2003, do 31 de xullo.

3. Non obstante o anterior, poderán ser beneficiarias do programa aquelas mulleres que, cumprindo os requisitos establecidos nos dous primeiros parágrafos, non